

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2014/05  
**CARÁCTER:** EXTRAORDINARIA E  
URXENTE  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 22 de abril de 2014.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **22 de abril de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D. Horacio Cupeiro Rodríguez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.  
D. Vicente Castro Reigosa

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.  
D<sup>a</sup> Azucena González Loredo.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije  
D. José Manuel Yañez Dablanca.

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Concelleiros ausentes na sesión:**

D. Xavier Campos López. (BNG)  
Excusa a súa ausencia.

**Secretario Xeral:**

D. José A.Carro Asorey

**Interventor:**

D. Luis R.Vázquez Parga.

**Técnico de Admón. Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2014.01.17.-PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE PROCEDER Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á LICITACIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.**

O Sr.Alcalde manifesta que todos os grupos son sabedores dos pasos que se foron dando hasta aquí e que se convocou o Pleno onte para poder adoptar o acordo correspondente.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 aprobatorio do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamiento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

**2014.02.18.- EXPEDIENTE PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.**

A instancia da Alcaldía por Secretaría dáse conta da proposta que a Mesa de contratación de data 21/04/2014 eleva ao Pleno cuxo texto se transcribe:

“Aberto o acto polo Sr.Alcalde,dáse conta do informe técnico do arquitecto municipal de data 12/04/2014, relativo á análise das propostas incursas en ofertas anormais ou desproporcionadas na licitación do proxecto de referencia e da documentación achegada polos licitadores para xustificar a valoración das ofertas e precisar as condicións das mesmas, de acordo co esixido polo artigo 152.3 do TRLCSP.

Os vogais de cada un dos Grupos políticos representados na mesa recibiron unha copia de cada unha das xustificacións emitidas polas dúas empresas afectadas (Obras y Servicios Gomez Crespo SL e UTEAnllar-MDE),así como copia da notificación do acordo da mesa de contratación de data 27 de marzo de 2014 polo que se lles requiría a ambas empresas dita xustificación e unha copia do informe do técnico municipal Sr.Moreda Gil,que lles foi entregada en man na última sesión aos membros da Mesa.

Reanudada a deliberación sobre este asunto a Sra.López-BrañaFreije fai unha consideración sobre o requirimento, que saíu na prensa, que fixo a Xunta de Galicia sobre documentación para o Centro de maiores e respecto ao financiamento, indicando que lle parece unha falta de respecto cara os membros da Corporación.

O Sr.Alcalde intervén para indicar que este non é o foro para referirse a iso xa que se trata dunha mesa de contratación para adxudicar unha obra.

O debate céntrase sobre as dúas empresas que presentaron mellor oferta e o informe emitido polo técnico municipal respecto da documentación aportada por cada unha das dúas empresas referidas como xustificación das ofertas desproporcionadas presentadas polas mesmas.

O Sr.Valín Valdés manifesta que non se van a opoñer a informe do técnico municipal pero que sí se van a reservar para o Pleno.

Tendo en conta que se seguiu o procedemento recollido no artigo 152.3 do RDL 3/2011 de 16 de novembro de aprobación do TRLCSP, de xeito que se foron realizadas as seguintes actuacións, por parte desta Mesa de Contratación:

1)Con data 1 de abril de 2014 requiriuse ás empresas que presentaban ofertas con valores anormais ou desproporcionados para que xustificasen no prazo de cinco días as formuladas.

2)Que con data 8 de abril de 2014 se presentaron as xustificacións requiridas nos termos que figuran no expediente.

3)Que se solicitou informe dos servizos técnicos municipais que foi emitido con data 12 de abril de 2014, que se une como anexo a esta acta, no que se sinala nas conclusións que “por todo elo, a xustificación presentada da oferta anormal ou desproporcionada que presenta a empresa OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO S.L. non pode considerarse unha xustificación no sentido precisado no apartado 3 do artigo 152 do TRLCSP, e polo tanto considerase que a súa oferta ten un valor anormal ou desproporcionado, pois non se xustifica suficientemente que a súa oferta pida ser cumprida, propoñendo que sexa excluída a súa valoración e posterior clasificación de todas as ofertas admitidas.

2.Con respecto á xustificación da empresa UTE ANLLAR CONSTRUCCIONES SL e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL a causa do aforro que lle permite o procedemento de execución do contrato e as condicións excepcionalmente favorables de que dispón para executar a prestación as establece en que a empresa renuncia ao cobro de parte dos gastos xerais da empresa e a unha parte importante do beneficio industrial, ofertando un porcentaxe do 3% e do 0% respectivamente con respecto ao 13% e o 6% que se establecen no proxecto de execución da obra. Resultando unha repercusión do aforro dun 10 % no concepto de gastos xerais e dun 6% no beneficio industrial. Aínda que esta redución parece excesiva, incorpóranse ao cálculo unha serie de custos como son os indirectos polo persoal, inclúen o custo de constitución e xestión da UTE así como o presuposto dun 1% de control de calidade, a maiores da presupuestada no proxecto.”

(.../...)

“Por todo o descrito,considerase que a empresa UTE ANLLAR-MDE xustifica a valoración da súa oferta, quedando acreditado que pode executar as obras no prezo ofertado de todas as unidades do proxecto respectando asimesmo todas as disposicións legais en materia laboral”

Á vista do anterior, a Mesa, por sete votos a favor ( dos Sres. Carro Asorey, Vázquez Parga, Gutiérrez Fernández, Cupeiro Rodríguez, Castro Reigosa,Moreda Gil, e do Alcalde Sr.Suárez Barcia) e tres abstencións ( dos vogais Sra. López-Braña Freije, Valín Valdés e Reymóndez Gancedo), acorda propoñer ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

1A).-Excluír, de conformidade con canto dispón o artigo 152 do RDL 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público,a oferta presentada por Obras y Servicios Gómez Crespo S.L., ao considerar que, da xustificación efectuada polo licitador e de acordo coas conclusións do informe técnico municipal de data 12/04/2014, non queda suficientemente acreditado que a oferta poda ser cumprida polo licitador como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados.

Por outra banda, tamén atendendo á xustificación efectuada polo licitador e ás conclusións do informe técnico municipal de data 12/04/2014, considerar que neste caso si queda suficientemente acreditado que a oferta que contén valores anormais ou desproporcionados presentada por UTE ANLLAR CONSTRUCCIONES, SL-MANTENIMIENTO DE ESTACIONES S.L, si pode ser cumprida polo licitador, e non debe por tanto ser excluída.

1B) Consonte ao apuntado anteriormente, efectuar unha nova clasificación ao amparo do disposto no artigo 151 do referido RDL 3/2011, de 14 de novembro, quedando en consecuencia a orde establecida de xeito decrecente das proposicións presentadas e que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais da seguinte forma:

<b>RELACIÓN EMPRESAS</b>	<b>PUNTOS</b>	
1.- ANLLAR CONST.	5,8592	PREZO
	90,0000	MELLORAS
	<b>95,86</b>	<b>TOTAL</b>
2.- CONST. ANGEL JOVE	1,4085	PREZO
	90,0000	MELLORAS
	<b>91,41</b>	<b>TOTAL</b>
3.- CONST. SAN JOSE	2,3778	PREZO
	87,7600	MELLORAS
	<b>90,14</b>	<b>TOTAL</b>
4.- CARTUJA I	1,6736	PREZO
	87,7600	MELLORAS
	<b>89,43</b>	<b>TOTAL</b>
5.- ERAIKUNTZA	0,2651	PREZO
	87,7600	MELLORAS
	<b>88,03</b>	<b>TOTAL</b>
6.- CONST. OREGA	3,2817	PREZO
	80,9200	MELLORAS
	<b>84,20</b>	<b>TOTAL</b>
7.- J NARAY	2,5736	PREZO
	80,1800	MELLORAS
	<b>82,75</b>	<b>TOTAL</b>
8.- CONST. RAMIREZ	1,2254	PREZO
	80,1800	MELLORAS
	<b>81,41</b>	<b>TOTAL</b>
9.- ABERMAN	8,3803	PREZO
	71,2700	MELLORAS
	<b>79,65</b>	<b>TOTAL</b>
10.- FERROVIAL AGROM	1,4085	PREZO
	76,5500	MELLORAS
	<b>77,96</b>	<b>TOTAL</b>
11.- XESTION AMBIENTAL	10,0000	PREZO
	60,7500	MELLORAS
	<b>70,75</b>	<b>TOTAL</b>
12.- ELEC NOR INFRAEST.	1,4085	PREZO
	67,7100	MELLORAS
	<b>69,12</b>	<b>TOTAL</b>
13.- CONST. ALEA	0,1690	PREZO

	64,7800	MELLORAS
	<b>64,95</b>	<b>TOTAL</b>
14.- MISTURAS, S.A.	5,5675	PREZO
	52,7800	MELLORAS
	<b>58,35</b>	<b>TOTAL</b>
15.- TRIO PRESNO	1,4079	PREZO
	50,2400	MELLORAS
	<b>51,65</b>	<b>TOTAL</b>
16.- CONST. VILAMIÑO	0,7042	PREZO
	33,5800	MELLORAS
	<b>34,28</b>	<b>TOTAL</b>
17.- CONST. ALR CHISPA	0,4645	PREZO
	19,2100	MELLORAS
	<b>19,67</b>	<b>TOTAL</b>
18.- FUENCO, SAU	0,0030	PREZO
	9,8800	MELLORAS
	<b>9,88</b>	<b>TOTAL</b>

1C) Requerir á ANLLAR CONSTRUCCIONES S e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL, por ser o licitador que presenta a oferta máis vantaxosa para que no prazo de cinco días hábiles, presente a documentación a que se refire a cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas. “

**“INFORME TÉCNICO PARA VALORAR AS PROPOSTAS DESPROPORCIONADAS A LICITACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DO “CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES” DE RIBADEO.**

**\* ANTECEDENTES:**

A mesa de contratación constituída para a apertura das ofertas presentadas para a contratación da execución das obras do proxecto “ Centro de atención a persoas maiores”, a emprazar entre as rúas Paco Lanza e Alfredo Deaño, unha vez examinadas e comprobadas todas e cada unha das ofertas presentadas, elaborou as puntuacións correspondentes, seguindo o criterio establecido na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas.

Tense en conta, dado o número de ofertas presentadas, o previsto no punto terceiro desta, "criterios xerais", en canto á consideración de posibles ofertas anormais ou desproporcionadas, e aplícase o establecido para cando concorran 4 ou máis licitadores, quedando fixado o importe definitivo da media aritmética corrixida, excluídas as ofertas que se encontraban 10 unidades porcentuais por debaixo da primeira media calculada, en 448.719,72 euros.

En consecuencia, deberán considerarse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas que se encontren máis de 10 unidades porcentuais por enriba da media corrixida, é dicir as ofertas en que o importe total da baixa total (suma de baixa en oferta económica máis valor económico da oferta de melloras) sexa superior a 493.591,69 euros.

Unha vez determinado o anterior, e realizados os oportunos cálculos, existen dúas empresas que presentan ofertas económicas con valores superiores a citada cantidade de 493.591,69 € que son as seguintes:

1.- OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.:

- Oferta económica (sen I.V.E.): 1.709.957,74
- Melloras ofertadas: 471.564,25 €

Total baixas ofertadas: 627.761,42 €

2.- UTE ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. – MANTENIMIENTO DE ESTACIONES, S.L.:

- Oferta económica (sen I.V.E.): 1.788.522,86
- Melloras ofertadas: 471.564,25 €

Total baixas ofertadas: 549.196,30 €

Á vista do mesmo, encontrámonos con que as empresas OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L. e a UTE ANLLAR-MDE, exceden a media corrixida en máis de 10 unidades porcentuais, polo que, de conformidade co previsto no art.º 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación acorda requirilas para que no prazo de CINCO DÍAS NATURAIS, a partir da recepción do devandito requirimento, xustifiquen a valoración da oferta formulada e precisen as condicións da mesma, en particular, e transcribindo o recollido no citado artigo 152.3 TRLCSP, no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

De tal xeito, requírese ás empresas OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L., e a UTE ANLLAR-MDE, para que, no prazo improrrogable de CINCO DÍAS NATURAIS, a partir da recepción do devandito requirimento, xustifiquen a valoración da oferta formulada e precisen as condicións da mesma, en particular, e transcribindo o recollido no citado artigo 152.3 TRLCSP, no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado..

Así presentáronse en tempo e forma as citadas xustificacións por parte das empresas OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L. (data 8/04/2014, rexistro entrada 3843) e a UTE ANLLAR-MDE (data 8/04/2014, rexistro entrada 3853).

Hai que ter en conta, que una baixa anormal ou desproporcionada depende do exame comparativo dunha oferta con outras.

A finalidade da regulación das baixas anormais ou desproporcionadas, é, impedir que as ofertas desproporcionadas ou temerarias poidan ser rechazadas automaticamente polo órgano de contratación, sen realizar unha previa comprobación tendente a determinar si tales ofertas, a pesares da baixa, poidan ou non ser cumpridas satisfactoriamente.

A xustificación que se pide os licitadores que incorren nunha baixa anormal ou desproporcionada, consiste na aclaración dos elementos nos que o licitador fundamentou a súa oferta e na verificación de que, conforme a dita aclaración, a mesma é viable de forma que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantida, no modo e maneira establecidos nos pregos de condicións.

Por todo, iso requírese un informe técnico detallado que, sobre o alegado polo licitador, poña de releve que a anormalidade da oferta non afectará a execución do contrato, polo que responderá a parámetros de razoabilidade e racionalidade.

Unha vez presentadas as xustificacións, solicítase informe ao arquitecto municipal, para que se valore si cos argumentos aportados xustificase, a oferta económica presentada para a execución da citada obra, para que logo sexa a Mesa de Contratación quen realice a proposta da adxudicación do contrato.

## **1.- OBXETO DO PRESENTE INFORME:**

Redactase o presente informe para valorar tecnicamente as ofertas consideradas anormais ou desproporcionadas presentadas polos licitadores para execución da obra do “Centro de atención a persoas maiores” en Ribadeo.

Os licitadores incluídos na “Acta da mesa de contratación constituída para apertura dos sobres “A” e “B” das ofertas presentadas para contratación da execución das obras do proxecto de Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo”, como ofertas desproporcionadas, segundo o artigo 152 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP), e polo tanto valorar a xustificación das súas propostas son:

- Obras y Servicios Gómez Crespo, S.L.
- UTE Anllar-MDE

## **2.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS E DESPROPORCIONADOS**

Na cláusula décimo primeira (criterios de adxudicación), apartado 3, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares da citada execución de obra, recollese o seguinte en canto as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

“11.3.- ... En todo cas, aos efectos de consideración da anormalidade ou desproporción da oferta, estarase ao previsto no art. 152 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.”

O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establece o seguinte, en relación coas ofertas con valores anormais e desproporcionados:

- “Artigo 152. *Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.*

*1. Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas poderá apreciarse de acordo cos parámetros obxectivos que se establezan regulamentariamente, por referencia ao conxunto de ofertas válidas que se presentasen.*

*2. Cando para a adxudicación deba considerarse máis dun criterio de valoración, poderá expresarse nos pregos os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, se é o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación, poderán indicarse no prego os límites que permitan apreciar, se é o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.*

*3. Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a haxa presentado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.*

*No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente. Se a oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda de Estado, só poderá rexeitarse a proposición por esta única causa se aquel non pode acreditar que tal axuda se concedeu sen contravir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. O órgano de contratación que rexeite unha oferta por esta razón deberá informar diso a Comisión Europea, cando o procedemento de adjudicación se refira a un contrato suxeito a regulación harmonizada.*

*4. Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a excluirá da clasificación e acordará a adjudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo anterior.”*

### **3.- CRITERIOS PARA APRECIAR OU NON O CARÁCTER DESPROPORCIONADO**

NO Prego de Cláusulas Administrativas Particulares unicamente se definen os criterios do TRLCSP sen definir outros criterios obxetivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta. Os seguintes parámetros para apreciar valores anormais ou desproporcionados do art. 152.3 do TRLCSP e determinados no Prego son:

- 1.- Aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
- 2.- As solucións técnicas adoptadas.
- 3.- As condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
- 4.- A orixinalidade das prestacións propostas.
- 5.- O respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

### **4.- DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADORES PARA XUSTIFICAR A SÚA OFERTA**

#### **- XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA “OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.”**

A empresa xustifica a súa oferta considerando os seguintes termos:

#### **1.- PRESENTACIÓN**

- Manifesta ser unha empresa cunha longa traxectoria empresarial, que executou diversas obras e de distintas características por toda a Comunidade Autónoma de Galicia, indicando unha relación de obras executadas de similares características a da licitación e unha relación de obras executadas recentemente.

- A empresa conta en plantilla con persoal, tanto técnico como de execución altamente cualificado.

- Aporta certificación de entidade bancaria que acredita a súa solvencia económica, para execución do presente contrato.

#### **2.- XUSTIFICACIÓN DE COSTES**

##### **COSTES DIRECTOS:**

- Manifesta que conta co coñecemento dos factores que se involucran nos análises de prezos unitarios e que afectan os custos directos, como son contar con persoal cualificado, equipos e maquinaria



propios, ser unha empresa cunha ampla traxectoria empresarial e que conta coa experiencia de haber traballado na zona con distintos provedores de materiais de construción, coñecendo o mercado e polo tanto poder avaliar a calidade e o prezo.

- Polas boas ofertas das empresas instaladoras con que habitualmente traballan.

Por todo elo, permítelles analizar con bastante exactitude os custos desta obra e os rendementos que lle afectan, presentando un estudo económico, sobre o resumo de capítulos do proxecto.

#### COSTES INDIRECTOS:

- Din que o servizo administrativo pode levarse desde as oficinas administrativas da empresa.
- O xefe de obra, encargados e capataces, son fixos, polo que non afectan os custos.

#### GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL:

- Reducen os gastos xerais, pasando dun 13% do proxecto o 7%, e o beneficio industrial dun 6% de proxecto o 2%. Non existen gastos de licenza de obra, e polo tanto reducen os gastos xerais.

#### MELLORAS:

- Parte das obras de melloras ofertadas serán realizadas por empresas subcontratadas e a outra parte por operarios da propia empresa (donde o importe de man de obra non está gravado polo I.V.E).

Polo exposto, reiteran que a empresa está avalada por unha ampla experiencia na execución de obras para a Administración Pública, e que os criterios antes expostos non afectarán a unha merma da calidade de execución e dos materiais de obra.

Considerando por todo elo, que a oferta da empresa sexa moi competitiva, polo que quedaría xustificado que non se incorre nunha baixa anormal ou desproporcionada, e por conseguinte, a execución da obra e o contrato son susceptibles do seu normal desenrolo.

### 3.- CONSTITUCIÓN DE GARANTIA

- Dice que a empresa constituirá unha garantía definitiva polo importe dun 10%, segundo o prego de cláusulas administrativas, e que se garante mediante un aval específico e individual cada unha das melloras ofertadas polo seu importe, segundo se reflexa no prego de cláusulas administrativas.

### 4.- ANEXOS

- Presenta certificados de calidade da empresa.
- Relación de obras executadas (documento 1).
- Organigrama do persoal da empresa (documento 2).
- Certificación do banco popular de que a empresa é cliente desde o ano 2005 e que atende os pagos con puntualidade (documento 3).

- Resumo dos capítulos de obra, comparando a licitación coa oferta proposta (documento 4).

### **- XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLA UTE “ANLLAR - MDL”**

A empresa xustifica a súa oferta considerando os seguintes termos:

#### 1.- CARTA DE PRESENTACIÓN

- Aportan os documentos e alegacións oportunas ao obxecto de xustificar a oferta económica, para que esta sexa admitida.

## 2.- INTRODUCCIÓN DA XUSTIFICACIÓN

- Manifestan que o obxectivo da xustificación é definir as operacións necesarias para a correcta execución das obras no menor prazo e custo posible, utilizando os equipos de persoal e maquinaria dos que dispón esta empresa, deseñando os equipos e escollendo os procedementos que proporcionen un rendemento óptimo e continuado no conxunto de actividades da obra, revisando as unidades de obra e os rendementos de maquinaria e persoal que van intervir na execución delas. Incluso indican que se consultou cos provedores para contrastar as ofertas recibidas. Dín que os prezos da UTE son contrastados pola experiencia noutras obras. O mesmo tempo a UTE indica que se reduce o prazo de execución a dezaioito meses, de forma que reducen os gastos correntes e os indirectos, dado o tipo de obra e o seu volume.

- Declaran que a oferta económica presentada para dita licitación e de Un millón setecentos oitenta e oito mil quinientos vintedous euros con oitenta e seis céntimos (1.788.522,86 €), importe sen I.V.E.

- Consideran que a oferta está perfectamente xustificada, incluso revisada para descartar algún posible erro no mesmo, e contan cunha ampla experiencia en intervencións similares.

- Din que as empresas que compoñen a UTE dispoñen de abundantes medios propios, tanto persoais como de maquinaria., e que elas e os técnicos propostos para a execución da obra, participaron na execución de construcións de edificios similares o da licitación, contando a empresa con topógrafos, enxeñeiros técnicos con carné de instaladores, medios informáticos e software de cara a resolución de problemas, polo que teñen a certeza de que a oferta é executable coas máximas garantías de calidade e de cumprimento do prazo previsto.

- Segundo a UTE, para a elaboración da oferta tiveron en conta presupostos específicos solicitados expresamente para esta obra, ata un porcentaxe dun 96,45%, polo que o custo da obra está moi definido.

- Xustifican a valoración e as condicións da oferta segundo o art. 152.3 da Lei de Contratos do Sector Público, no que tras realizar un estudo económico e a confirmación mediante cartas de compromiso dos subcontratistas e provedores destacan un aforro importante.

- Con referencia a subcontratación, non se vai superar o porcentaxe permitido para a execución das obras, indicando todos aqueles capítulos de obras que realizarán con medios propios e persoal da UTE.

- Por todo elo a UTE comprométese de forma expresa a realización das obras desta licitación con arreglo ao proxecto, prego de condicións administrativas particulares, as melloras ofertadas, a programación incluída no proxecto de obra, o cadro de prezos, e do documento, no caso de adjudicación, no que se formalice o contrato, polo importe antes sinalado, de Un millón setecentos oitenta e oito mil quinientos vintedous euros con oitenta e seis céntimos (1.788.522,86 €), importe sen I.V.E.

## 3.- RELACIÓN DE OBRAS SIMILARES EXECUTADAS

- Indicase unha relación de obras, executadas polas empresas que forman a UTE.

- Sinalan, ao mesmo tempo unha serie de obras, executadas polo xefe de obra e polo encargado, propostos para esta obra, e con experiencia xuntos de máis de 10 anos.

## 4.- COMPARATIVO OFERTA-PROXECTO

- Presentan un estudo comparativo sobre o importe do proxecto, sobre os capítulos a executar pola UTE e polos subcontratistas, indicando que a UTE executará por conta propia como mínimo un 78,28% das unidades de obra por persoal propio e as empresas subcontratistas como máximo un 21,72%, adicados principalmente as instalacións do edificio. O mesmo tempo dispoñen de técnicos habilitados cos carnés de instaladores vixentes e operarios cualificados, polo que o porcentaxe pode reducirse xa que a hora de estudar a obra, colaborase con moitas empresas conseguindo prezos reais.

- Estudo comparativo entre o proxecto e a oferta da UTE, coa relación dos capítulos do proxecto, e indicando para a valoración completa da oferta, todo o que se añade os custos de execución material, que son os seguintes:

1.- Gastos xerais da obra: especifica que consideran un 3% sobre o custo de execución material, dado que a UTE conta con instalacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Costo de constitución e xestión da UTE: consideran que repercute no custo nun 1% sobre execución material.

3.- Custos indirectos da obra: son os que representan o persoal técnico e da obra, como o xefe de obra, encargado e o administrativo, o que supón un custo de 117.000,00 € de acordo co convenio da construción provincial de edificación e obras públicas de Lugo do ano 2.013.

4.- Dirección de obra e coordinación de seguridade: son gastos asumidos polo Concello de Ribadeo.

5.- Licenza de obra e imposto de instalacións, construcións e obras: non supón gastos o ser unha obra municipal.

6.- Proxectos, tramitacións e legalizacións: o custo inclúese no presuposto de execución material, a UTE conta con técnicos capacitados, rexistro de industria e carnés de instaladores, polo que dito custo e asumible por parte das empresas.

7.- Gastos de publicidade: segundo o prego de prescricións administrativas, os custo de anuncios no BOP, DOG e prensa, é asumido polos gastos xerais.

8.- Gastos de ensaios e control de calidade: consideran que resulta o 1% sobre o presuposto de execución material.

9.- Custos por incremento da garantía definitiva: consideran as empresas, imputado dito custo entre os incluídos nos custos de constitución e xestión da UTE.

En resumo, o importe total de gastos xerais, custos indirectos, licenzas, ..., e dun 12,33%, sobre o custo do estudo da obra, renunciando o porcentaxe total do beneficio industrial. De todos os xeito, manifestan que ante a urxencia da licitación, colaboraron con subcontratistas da zona, e que incluso moitas das ofertas aínda teñen marxe de axuste dos prezos, polo que contan que unha vez contratadas as obras, pode quedar un remanente entre 1,50 a un 2%, sobre a execución material, que será o beneficio industrial da obra.

O mesmo tempo indican que se tiveron en conta as consideracións en materia de seguridade e saúde, de acordo coas disposicións mínimas de prevención de riscos laborais, así como a xestión de residuos de construción e demolición por xestor autorizado a vertedoiro.

Indican por último, que avalará en concepto de garantía definitiva o 10% do importe da adxudicación, I.V.E. excluído, e presentarán aval individualizado por importe das melloras.

#### TABLA COMPARATIVA DE MEDICIOS E DE PRESUPOSTO:

Presentan para a xustificación documental da oferta económica presentada, un cadro comparativo, considerando as medicións e prezos de todas as partidas que compoñen os diferentes capítulos do proxecto, expresando as diferenzas entre os prezos de proxecto e os da empresa, de tal forma que xustifican a oferta presentada.

#### 5.- CARTAS DE COMPROMISO DE SUMINISTRADORES

Adxuntan cartas de compromiso de diferentes provedores para a realización das obras, incluso, indican que se tiveron en conta que fosen suministradores da zona, para obter un aforro do custo da obra e ademais xenera riqueza e emprego para a zona.

#### 6.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA OFERTA E PLANIFICACIÓN

Manifestan que a mellora técnica da solución, ven condicionada pola eficiencia na planificación das actividades, como se indica no diagrama de Gantt adxunto e no planteamento da execución da obra.

Para o estudo da obra, tiveron en conta principalmente 6 fases de traballos, en función da tipoloxía das mesmas:

- Fase 1: execución xeral da obra, realizando nesta fase traballos de demolicións, movementos de terras, cimentación, estrutura, cubertas, albañilería, ...
- Fase 2: propónse a execución das instalacións de climatización, como son o sistema de captación térmica solar, caldeiras, ACS e calefacción, climatización e ventilación.
- Fase 3: instalación a executar de baixa tensión e contraincendios.
- Fase 4: corresponde a execución dos traballos de saneamento e acometida de auga a edificación.
- Fase 5: inclúen as melloras da obra.
- Fase 6: a última fase corresponde o control de calidade externo e interno, segundo o sistema de xestión integrado, ademais da vixilancia e medidas de seguridade da obra. Esta fase, levarase a cabo o longo de toda a duración da obra.

Todas estas fases ven especificadas no planing de obra presentado (diagrama de Gantt), observando como se solapan as distintas fases tal como se especifica na memoria xustificativa.

En relación os condicionantes da obra:

- Indican que se trata dun edificio de nova construción e que dispoñen da parcela o completo.
- O inicio das obras, establecerase un plan de coordinación coa aprobación da Dirección de Obra.
- Plan de suministro dos materiais antes da súa posta en obra e nos prazos programados.
- A obra non ten necesidade de maquinaria específica.
- Tramitación antes do inicio dos traballos dos suministros de electricidade, auga e saneamento.
- Tiveron en conta os condicionantes climatolóxicos, sobre o prazo proposto aplicando un marxe de seguridade.
- Accesos a obra, para facilitar o desprazamento da maquinaria e persoal da obra.
- Programa de fases para optimización de equipos e maquinaria.
- Coordinación directa entre o persoal da UTE e a dirección de obra, para que os materiais poidan ser recepcionados pola dirección facultativa antes da posta en obra.

A UTE comprométese a montar unha oficina-centro de traballo na propia obra, para facilitar o control, seguimento da obra e cumprimento da planificación, e manifesta que dispoñen de persoal propio especialista en traballos de albanelería, saneamento, fontanería, solados, alicatados, pinturas, ..., o que supón una execución dos traballos controlables e máis económicos, ademais dispoñen de acreditacións de industria como empresas instaladoras de baixa tensión, gas, térmicas, contraincendios e frigorista.

En relación os postos de traballo, a UTE garantiza unha alta implicación e motivación do persoal, así como durante a execución do contrato o respecto dos dereitos laborais básico o longo da cadena de produción mediante a exixencia do cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo.

## 7.- SUMINISTROS E PLANTAS DE PRODUCCIÓN

Na xustificación presentada, especificanse os materiais necesarios, para a execución da obra, indicando para cada una delas cales son os fornecedores que propoñen.

## 8.- EQUIPO HUMAN

No caso de adxudicación da obra, comprométese a adscribir a mesma, o seguinte persoal:

- Director de zona, técnico de grado medio topografía, con dedicación parcial.
- Xefe de obra, arquitecto técnico con dedicación total.
- Xefe de produción, calidade, prevención e medioambiente, enxeñeiro técnico e superior, e técnico superior de prevención de riscos, con dedicación parcial.
- Xefe de administración, diplomado en ciencias empresariais, con dedicación parcial.
- Encargado, con dedicación total.

En base a esta relación de persoal adscrito a obra, inclúen un esquema xeral da organización dos postos de traballo, coas súas misións correspondentes, facendo mención especial a liña de execución.

#### 9.- MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIAIS

Indica unha relación dos principais equipos de maquinaria, instalacións, e medios auxiliares, que a UTE considera para o normal desenrolo e terminación das obras, nas condicións e termos ofertados, sen que teñan carácter limitativo.

#### 10.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ACCIDENTES

As dúas empresas que conforman a UTE, contan ambas dúas cun Seguro de Responsabilidade Civil para a actividade de construción e obra civil.

#### 11.- CERTIFICADOS CALIDADE, MEDIOAMBIENTE E PREVENCIÓN

As dúas empresas que conforman a UTE, teñen establecidas a Norma ISO 9000:2000, Norma ISO 14001:2004 e o estándar OHSAS 18001-2007.

Ditas normativas obrigan a que todos os produtos utilizados teñan o mercado CE entre outro, como proba de calidade na execución das obras.

Asimesmo, o sistema de xestión integrado implantado polas empresas que conforman a UTE, establece u sistema de xestión de prevención de riscos laborais conforme a norma OHSAS 18001:2007.

Como modelo de xestión das obras, unha das empresas da UTE, está implementando un sistema de Lean Manufacturing adaptado e aplicado a construción, que se usará como modelo de xestión dos traballos de construción do “Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo”, este sistema elimina o despilfarro e mellora a calidade, reducindo o tempo de produción e o custo.

#### 12.- CONCLUSIÓN

Presentan un resumo da oferta presentada, indicando os porcentaxes aplicados no estudo da oferta económica, indicando que a baixa realizada na oferta corresponde a un 4,16%, tendo en conta que as melloras trátanse como un capítulo máis do propio proxecto a hora do seu estudio, contemplando a súa execución como parte da propia obra.

Conclúen a súa xustificación, indicando que o carácter desproporcionado que administrativamente ten a súa oferta, obedece o cálculo dunha media aritmética que non resulta tan obxetiva, cando se observan certas ofertas de empresas que concorren a subasta co animo de desvirtuar a media da mesma.

### **5.- INFORME SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO LICITADORES PARA XUSTIFICAR A SÚA OFERTA**

En base a xustificación das ofertas presentadas con valores anormais e desproporcionadas, expostas no apartado anterior, e en estrita suxeción a establecido no artigo 152 do TRLCSP, establecemos as seguintes valoracións e conclusións, indicando si algunha destas ofertas resulta adecuada e convincente:

1.- Con respecto a xustificación da empresa OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L., a causa do aforro que lle permite o procedemento de execución do contrato e as condicións excepcionalmente favorables de que dispón para executar a prestación as establece en que a empresa renuncia ao cobro de parte dos gastos xerais da empresa e a unha parte importante do beneficio industrial, ofertando un porcentaxe do 7% e do 2% respectivamente con respecto ao 13% e o 6% que se establecen

no proxecto de execución da obra. Resultando unha repercusión do aforro dun 6% no concepto de gastos xerais e dun 4% no beneficio industrial.

Respecto do resto de xustificación da oferta, fai unha descrición xeral da empresa, sen referirse na maior parte do informe as obras de que trata a licitación, indicando que executou obras de similares características, que conta con persoal cualificado e dispón de solvencia económica.

Non se xustifican os prezos unitarios ofertados, facendo referencia a que pola experiencia noutras obras, o persoal cualificado, os equipos e maquinaria propios e os distintos provedores que suministran os materiais poden conseguir os prezos que ofertan, aínda que non se especifican cales son. Nesta xustificación non fan mención algunha a obra que se esta a licitar, e unha xustificación moi xenérica que valdría para calquera obra.

Non se fai unha xustificación adecuada da organización do traballo que posibilite o correspondente aforro no presuposto.

A relación de obras executadas, certificados de calidade e o organigrama da empresa, que non da obra, non se valoran na presente xustificación.

Non se fai ningunha mención respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar da obra.

Por último, aparece un resumo de capítulos do presuposto comparativo entre o proxecto e a oferta, sen que se xustifique a rebaixa efectuada nas partidas.

Por todo elo, a xustificación presentada da oferta anormal ou desproporcionada que presenta a empresa OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L., non pode considerarse unha xustificación no sentido precisado no apartado 3 do artigo 152 do TRLCSP, e polo tanto considerase que a súa oferta ten un valor anormal ou desproporcionado, pois non se xustifica suficientemente que a súa oferta poida ser cumprida, propondo que sexa excluída a súa valoración e posterior clasificación de todas as ofertas admitidas.

2.- Con respecto a xustificación da empresa UTE ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES, S.L., a causa do aforro que lle permite o procedemento de execución do contrato e as condicións excepcionalmente favorables de que dispón para executar a prestación as establece en que a empresa renuncia ao cobro de parte dos gastos xerais da empresa e a unha parte importante do beneficio industrial, ofertando un porcentaxe do 3% e do 0% respectivamente con respecto ao 13% e o 6% que se establecen no proxecto de execución da obra. Resultando unha repercusión do aforro dun 10% no concepto de gastos xerais e dun 6% no beneficio industrial. Aínda que esta redución parece excesiva, incorpóranse ao cálculo unha serie de custos como son os indirectos polo persoal, inclúen o custo de constitución e xestión da UTE así como o presuposto dun 1% de control de calidade, a maiores da presupuestada no proxecto.

Propoñen unha redución do prazo de execución das obras, establecendo a empresa un novo prazo de DEZAOITO (18) meses con respecto aos VINTECATRO (24), establecidos no contrato, que lle permite reducir sustancialmente os custos indirectos totais (persoal técnico e directivo, infraestruturas, instalacións provisionais, etc...), polo que se xustifica un aforro importante do proxecto, para elo, propoñen unha mellora técnica, condicionada pola eficiencia na planificación das actividades, tal como se indica no diagrama de Gantt que adxuntan, e donde dividen o traballo en seis fases, solapando as distintas fases xustifican o aforro no prazo de execución.

Xustifícanse os custos directos das unidades de obra que conforman os diferentes capítulos do proxecto, presentando un desglose dos prezos aplicables a cada partida por parte da empresa licitadora, e adxunta cartas de compromiso dos diferentes provedores para a realización das obras.

Como aportación novedosa, preténdese implantar un modelo de xestión na obra do “Centro de Atención a Persoas Maiores”, seguindo o sistema Lean Manufacturing adaptado e aplicado a construción, que se basa en obter as cousas correctas, no lugar, momento e cantidade correctas, minimizando o despilfarro, co que se mellora a calidade e redúcese o tempo de produción así como o custo.

En relación o respecto as disposicións relativas a protección do emprego e das condicións de traballo vixentes, a empresa adquire a obrigaición de manter un 30% da plantilla adscrita como persoal indefinido, ademais de garantir o respecto os dereitos laborais básicos o longo da cadea de produción en cumprimento da convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo, entre elas as referidas a liberdade sindical e negociación colectiva, e a eliminación do traballo forzoso e obrigatorio, o mesmo tempo prevén consideracións de tipo social, co fin de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral.

A relación de obras executadas, certificados de calidade e o cadro de persoal adscrito a obra, non se valoran na presente xustificación.

Por todo o descrito, considérase que a empresa UTE ANLLAR – MDE, xustifican a valoración da súa oferta, quedando acreditado que o pode executar as obras no prezo ofertado de todas as unidades do proxecto, respetando asimesmo todas as disposicións legais en materia laboral.”

Iníciase a deliberación intervindo o Sr. Gutiérrez Fernández que indica que xa se manifestou na comisión en sentido favorable e que o vai facer no mesmo sentido, como xa dixo redatouse un prego de condicións, fixéronse os trámites, aceptou formar parte da mesa de contratación e á vista das propostas deuse a circunstancia que se deu de conformidade coas normas de aplicación, houbo dúas mellor clasificadas que podían incurrir en baixa desproporcionada ás que se lles deu audiencia para xustificar.

Tamén se emitiu informe polo técnico redator do proxecto, arquitecto municipal, informou as xustificacións e unha delas si cumpre cos baremos das normas de contratación polo que se mostra conforme coa proposta que remite a este Pleno a mesa.

O Concelleiro de UPRI Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que a intención do propio Alcalde é a unanimidade de todos os Grupos, indica que ao final se cometeu a descortesía de non dicirle nada das peticións feitas pola Xunta, refírese ao espírito de consenso e aínda que sabe que non é o lugar para falar destes temas, índice en que agora ao final o Sr. Alcalde rompeu ese espírito de consenso respecto do mantido en todo o proceso. Entende o enfado do Sr. Alcalde polo requerimento referido e que comprende que pensé que se tratan de poñer “paos na roda”. Non quere pensar nin crer que a Xunta de Galicia queira poñer atrancos para a residencia de Ribadeo, pero insiste en que debería terse comunicado aos grupos da oposición.

Respecto á abstención na mesa de contratación indica que hai tres técnicos na mesa de contratación e que non ten a capacidade para levarlle a contra aos mesmos polo que cree que atendendo a eses informes do técnico, xurídico e económico entende que a responsabilidade será en función deses informes. Quere dar un voto de confianza ao proxecto, aos promotores, aos vecinos e ao técnico que redatou o proxecto e que emitiu o informe polo que vai votar a favor.

Intrvén a continuación o Sr. Valín Valdés, do Grupo Popular, manifesta tamén que o seu Grupo está molesto por a ocultación do requerimento da Xunta de Galicia e que se se lles houbera informado sería un elemento mais para a decisión. Sabe o Sr. Alcalde, dí, que o Partido Popular sempre estivo a favor da construción da residencia en Ribadeo, incluso a título persoal manifesta que algúnhos dos membros se “mollaron” neste tema.

Manifesta que a ningún se lle ocurra pensar que o Partido Popular de Ribadeo está en contra da residencia, que era o punto principal do seu programa e que se está intentando chegar a un consenso; que van da man neste punto e noutros principais como poden ser o Plan Xeral, o PEPRI ou o Pavillón polideportivo. Entenden que é unha cuestión da máxima necesidade para Ribadeo. Mostra o agradecemento ao grupo de goberno e significa que iso non quere dicir que teñan que pensar igual. Manifesta que o voto do Grupo Popular vai ser a abstención e que entende que ao mellor no informe do técnico falta motivación. Cre que ao mellor non estaría de mais encargar outro informe a un técnico externo.

Incide nunha das cuestións que se valora no informe técnico como é a baixa no prazo de construción e reitera que falta motivación no informe técnico polo que o seu voto vai ser a abstención, significando que

con ese voto non se paraliza o proceso. Reitera unha vez mais que o Partido Popular está a favor e non en contra da construción da residencia.

O Sr.Alcalde toma a palabra, da as grazas a todos e fai unha valoración global de todas as manifestacións realizadas. Refire que se trata dunha situación complicada, un expediente complicado , un momento económico complicado e que se trata dunha materia de pleno de ahí que dende o primeiro momento se quixera que a Corporación enteira estivera de acordo.

Pide perdón, en todo caso, polos erros cometidos e manifesta que intenta cada vez que ten un fallo pedir disculpas. Refire o que pasou co Plan Xeral no que non tivo ningunha intención de ocultar nada como tampouco agora co requerimento da Xunta.

En todo caso reitera as disculpas e manifesta que hai xente que se se está portando moi mal con Ribadeo. Informa tamén sobre o expediente disciplinario que se lle pretende abrir á persoa que fixo o informe de viabilidade do Centro de atención a maiores. Reitera que o que se está é intentando facer o mellor para Ribadeo,pero que se todos fixeran o mesmo, se todos se abstiveran, isto non iría adiante.

Nun segundo turno de intervencións os diferentes portavoces inciden novamente sobre os argumentos indicados e delibérase sobre os diferentes aspectos do asunto, reiterando o sentido do seu voto

O Sr.Valín Valdés pide expresamente que conste o malestar do seu Grupo por non facilitarlles a información sobre a carta-requerimento e dí que a súa postura concreta como Manuel Valín e como portavoz é que a Xunta de Galicia con respecto á residencia se está equivocando,e insiste en que no tema da contratación se poden abster.Manifesta tamén que non debe ninguén pensar que o Grupo Popular está en contra da residencia.

A Corporación tras deliberación, en votación ordinaria, por oito votos a favor ( seis dos membros do BNG,un do concelleiro do PSG-PSOE e outro do Concelleiro de UPRI, ambos no Grupo Mixto) e catro abstencións (dos membros do Grupo municipal popular), acorda:

1º.- Prestar aprobación á proposta formulada pola Mesa de contratación nos termos da mesma transcritos anteriormente.

2. -Requerir á ANLLAR CONSTRUCCIONES S e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL, por ser o licitador que presenta a oferta máis vantaxosa para que no prazo de cinco días hábiles, presente a documentación a que se refire a cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas.

3.-Notificar este acordo á empresa excluída OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as nove horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,